

UNIDADE 9. Mudando a pel: a práctica da igualdade

RÚBRICA DE AUTOAVALIACIÓN PARA O ALUMNADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexo concepto algún.	Non sei distinguir a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Non identifico desigualdades entre sexos. Non podo explicar en que consisten as políticas sociais e as accións positivas. Non entendo a finalidade da linguaxe inclusiva. Non podo enumerar asociacións pola igualdade nin describir o labor que realizan.	Teño dificultades para distinguir a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Cústame identificar desigualdades entre sexos e as políticas sociais e accións positivas que pretenden combatelas. Apenas podo explicar a finalidade da linguaxe inclusiva. Apenas coñezo asociacións que traballan pola igualdade. Tampouco estou moi seguro do labor que realizan.	Sei distinguir a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> , aínda que non sempre podo identificar desigualdades entre sexos na miña contorna e relacionalas coas políticas sociais e as accións positivas que as combaten. Podo explicar a linguaxe inclusiva, aínda que a veces se me escapan situacións en que sería adecuado o seu uso. Coñezo algunhas asociacións que traballan pola igualdade e describo o labor que realizan.	Sei distinguir a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Identifico numerosas desigualdades entre sexos na miña contorna e relacións coas políticas sociais e as accións positivas que as combaten. Podo explicar a linguaxe inclusiva e percibo todas as situacións en que é necesario empregala. Podo achegar exemplos propios de asociacións que traballan pola igualdade e describir polo miúdo o labor que realizan.
Interiorización dos conceptos	As miñas actitudes seguen a manifestamente contrarias á igualdade. Son especialmente belicoso coas accións positivas en prol da igualdade.	A miña escasa reflexión sobre a unidade fixo que non desenvólvese actitudes de aceptación da igualdade. Axiña me convence calquera crítica que se formule ás accións positivas en prol da igualdade.	Esforceime por mudar as miñas actitudes, mais aínda teño dificultades para aceptar a igualdade en todos os ámbitos. Cústame entender a necesidade das accións positivas e políticas sociais en prol da igualdade. Teño dificultades para usar a linguaxe inclusiva e apreciar a súa utilidade. Non vexo a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade.	Comprendín e empaticei coa loita pola igualdade. Aínda así, algunhas políticas sociais e accións positivas parécenme esaxeradas. Sei usar linguaxe inclusiva mais teño escasa confianza na súa utilidade. Entendo a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade, pero non participaría neles por propia vontade.	Comprendín e empaticei plenamente coa loita pola igualdade. Asumo como necesarias as accións positivas e políticas de igualdade e propoño novos ámbitos onde estender estas políticas. Incorporarei a linguaxe inclusiva á miña práctica oral e escrita. Entendo a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade e participo neles.
Participación	Non participo nos diálogos nin en ningunha outra actividade de aula.	Non encontrei o momento para intervir nos diálogos. Carecía de	Aínda que me custa atopar argumentos, esforceime por	As miñas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos	As miñas argumentacións están ben estruturadas, usan conceptos

na aula		argumentos válidos. Tampouco teño preguntas sobre os contidos.	intervir nos diálogos. Teño preguntas sobre os contidos e son capaz de trasladalas.	aprendidos na unidade. Aínda así teño dificultades para realizar argumentacións con exemplos e reflexións persoais.	aprendidos na unidade e ofrecen exemplos persoais e reflexións propias.
Lecturas	Non realicei as lecturas.	As lecturas non me interesaron nin me levaron a ningunha reflexión sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	Realicei as lecturas. Foime difícil entendelas e establecer a súa relación coa consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles, mais non me dotaron de novos argumentos sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	Comprendín as lecturas en todos os seus detalles. Servíronme para adquirir novos argumentos sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.
Proxecto: produto final	Non chegamos nin sequera a realizar o taboleiro.	Non completamos o número mínimo de tarxetas. A batería de preguntas que argallamos son simples e fan o xogo excesivamente doado. Os materiais do xogo teñen escaso atractivo e utilidade. Non fomos eficaces á hora de publicitar o campionato.	Non completamos o número mínimo de tarxetas ou a batería de preguntas que argallamos son simples e fan o xogo excesivamente doado. As preguntas deixan amplas partes da materia sen cubrir e non están ben ordenadas por temas. Os materiais do xogo teñen escaso atractivo ou utilidade. Fomos pouco eficaces á hora de publicitar o campionato.	Superamos o número mínimo de tarxetas. Con todo, non axustamos o grao de dificultade na batería de preguntas, de maneira que o xogo non sempre é aditivo. As preguntas non cobren todo o temario da materia ou están ordenadas por temas de xeito algo impreciso. Os materiais do xogo son atractivos e útiles. Fomos eficaces á hora de publicitar o campionato, pero aínda así non congregamos un gran número de participantes.	Superamos o número mínimo de tarxetas. O xogo faise aditivo porque a batería de preguntas ten un grao de dificultade axustado, con preguntas de distintos niveis de dificultade. As preguntas cobren todo o temario da materia e están ordenadas por temas de maneira precisa. Os materiais do xogo son atractivos e útiles. Fomos eficaces á hora de publicitar o campionato, e congregaron un gran número de participantes.
Proxecto: traballo de equipo	Nin sequera chegamos a acordar unha repartición de tarefas.	Non tivemos acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Tivemos conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Tivemos pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas conseguimos un resultado final atractivo.	Distribuímos as tarefas sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborei cos/coas compañeiros/as.	Non acheguei ideas ao traballo. Non me coordinei coas/cos compañeiras/os e realicei outras tarefas distintas das que me encargaron.	Non acheguei ideas ao traballo. Asumín de mal grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas sen entusiasmo.	Non acheguei ideas ao traballo, mais asumín de grado as tarefas que me encargaron as/os compañeiras/os e executeinas con éxito.	Acheguei numerosas ideas ao traballo, mais non tiveron reparo en aceptar as ideas doutras/os participantes. Ademais realicei con éxito as tarefas que me corresponderon.

RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA O PROFESORADO

	0	2	5	8	10
Manexo dos conceptos da unidade	Non manexo concepto algún.	Non distingue a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Non identifica desigualdades. Non pode explicar en que consisten as políticas sociais e as accións positivas. Non entende a finalidade da linguaxe inclusiva. Non pode enumerar asociacións pola igualdade nin describir o labor que realizan.	Ten dificultades para distinguir a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Cústalle identificar desigualdades e as políticas sociais e accións positivas que pretenden combatelas. Apenas pode explicar a finalidade da linguaxe inclusiva. Apenas coñece asociacións que traballen pola igualdade. Non describe con seguridade o labor que realizan.	Distingue a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> , aínda que non sempre pode identificar desigualdades na súa contorna e relacionalas coas políticas sociais e as accións positivas que as combaten. Pode explicar a linguaxe inclusiva, aínda que a veces obvia situacións en que sería adecuado o seu uso. Coñece algunhas asociacións que traballan pola igualdade e describe o labor que realizan.	Distingue a <i>igualdade formal</i> da <i>igualdade real</i> . Identifica numerosas desigualdades na miña contorna e relaciónas coas políticas sociais e as accións positivas que as combaten. Pode explicar a linguaxe inclusiva e percibe todas as situacións en que é necesario empregala. Achega exemplos propios de asociacións que traballan pola igualdade e describe polo miúdo o labor que realizan.
Interiorización dos conceptos	As súas actitudes seguen a manifestamente contrarias á igualdade. Móstrase especialmente belicoso coas accións positivas en prol da igualdade, repetindo esquemas propios dos movementos contra a igualdade.	A súa escasa reflexión sobre a unidade fixo que non desenvólvese actitudes de aceptación da igualdade. Convénceo sen dificultades calquera crítica que se formule ás accións positivas en prol da igualdade.	Esforzouse por mudar as súas actitudes, mais aínda ten dificultades para aceptar a igualdade en todos os ámbitos. Cústalle entender a necesidade das accións positivas e políticas sociais en prol da igualdade. Ten dificultades para usar a linguaxe inclusiva e apreciar a súa utilidade. Non ve a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade.	Empatizou coa loita pola igualdade. Aínda así, algunhas políticas sociais e accións positivas parécenlle esaxeradas. Usa linguaxe inclusiva mais te escasa confianza na súa utilidade. Entende a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade, pero non participaría neles por propia vontade.	Empatizou plenamente coa loita pola igualdade. Asume como necesarias as accións positivas e políticas de igualdade e propón novos ámbitos onde estender estas políticas. Incorporou a linguaxe inclusiva á súa práctica oral e escrita. Entende a necesidade de promover os movementos asociativos e a educación en igualdade e participa neles.
Participación na aula	Irrelevante.	Apenas intervén no debate. As súas argumentacións son inconsecuentes ou meras repeticións do que escoitou.	Intervén no debate, ben que as súas argumentacións son reiterativas ou empregan escaso vocabulario técnico.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade.	As súas argumentacións están ben estruturadas e usan conceptos aprendidos na unidade. Ofrece exemplos persoais e reflexións persoais.

Lecturas	Non realizou as lecturas.	Realizou as lecturas con desgana, foi incapaz de identificar o seu tema. Non achegou reflexión algunha sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	As súas reflexións sobre as lecturas revelan dificultades no manexo dos conceptos e na construción de argumentos sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	Identifica o tema das lecturas en base aos conceptos traballados na unidade. Ten dificultade en construír a partir delas argumentos persoais sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.	Identifica o tema das lecturas en base aos conceptos traballados na unidade. Constrúe a partir delas argumentos persoais sobre a consecución da igualdade real, as accións positivas e a utilización de linguaxe inclusiva.
Proxecto: produto final	Non chegaron nin sequera a realizar o taboleiro.	Non completaron o número mínimo de tarxetas. A batería de preguntas que argallaron son simples e fan o xogo excesivamente doado. Os materiais do xogo teñen escaso atractivo e utilidade. Non foron eficaces á hora de publicitar o campionato.	Non completaron o número mínimo de tarxetas ou a batería de preguntas que argallaron son simples e fan o xogo excesivamente doado. As preguntas deixan amplas partes da materia sen cubrir e non están ben ordenadas por temas. Os materiais do xogo teñen escaso atractivo ou utilidade. Foron pouco eficaces á hora de publicitar o campionato.	Superaron o número mínimo de tarxetas. Con todo, non axustaron o grao de dificultade na batería de preguntas, de maneira que o xogo non sempre é aditivo. As preguntas non cobren todo o temario da materia ou están ordenadas por temas de xeito algo impreciso. Os materiais do xogo son atractivos e útiles. Foron eficaces á hora de publicitar o campionato, pero aínda así non congregaron un gran número de participantes.	Superaron o número mínimo de tarxetas. O xogo faise aditivo porque a batería de preguntas ten un grao de dificultade axustado, con preguntas de distintos niveis de dificultade. As preguntas cobren todo o temario da materia e están ordenadas por temas de maneira precisa. Os materiais do xogo son atractivos e útiles. Fomos eficaces á hora de publicitar o campionato e congregaron un gran número de participantes.
Proxecto: traballo de equipo	O produto é tan curto que delata a incuria do equipo.	Non houbo acordo na división das tarefas. Cada un realizou a súa parte, sen coordinación.	Houbo conflitos e/ou disparidades na distribución das tarefas. Os conflitos repercutiron no produto final.	Houbo pequenos conflitos na distribución e/ou non todos os membros foron igual de eficientes. Con todo, apenas se notou no resultado final.	A tarefa distribuíuse sen conflitos e en partes da mesma dificultade. Todos os membros foron eficientes.
Proxecto: traballo individual	Non colaborou cos/coas compañeiros/as.	Non propuxo liñas de traballo. Realizou outras tarefas das que lle corresponderon e entorpeceu o entendemento no grupo de traballo.	Non propuxo liñas de traballo. Foi reticente a asumir as tarefas que lle corresponderon e executounas sen entusiasmo.	Limitouse a aceptar ideas doutras/os participantes. Con todo, executounas con éxito.	Liderou o seu grupo de traballo, propoñendo liñas de traballo, aceptando ideas doutras/os participantes e executou con éxito as tarefas que lle corresponderon.